


**"Axudámosche
a conseguir..."**



CONCELLO DE
ARTEIXO

Concellaria de Promoción
e Desenvolvemento

Avda. Arsenio Iglesias, Parcela 46. Pol. Ind. de Sabón. 15142 ARTEIXO



981 64 05 72



981 64 11 66



emprego@arteixo.org



Axudas
MUNICIPAIS

CONTRATACIÓN

1.- OBXECTIVOS. Fomentar a contratación por parte de empresas privadas de persoas desempregadas residentes en Arteixo. Os contratos deberán formalizarse entre o 16 de setembro do 2016 e o 30 de setembro do 2017.

FOMENTAMOS A CREACIÓN DE EMPREGO

2.- PERSOAS BENEFICIARIAS.

Para ser beneficiario/a das axudas serán necesarios os seguintes requisitos:

- As empresas e entidades distintas da administración pública, deben contratar a **persoas desempregadas** residentes en Arteixo, que participen ou participasen en accións dos Plans Municipais de Formación ou estean **inscritos/as na Bolsa Local de Emprego** do Concello de Arteixo.

- Non recibir ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación.

- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Arteixo, Xunta de Galicia e coa AEAT, así coma ao corrente das obrigas coa Seguridade Social.

3.- EXCLUSIÓNS.

- Contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, até o segundo grao inclusive, do empresario/a individual ou persoa que ocupe cargo de dirección nunha sociedade.

- Contratacións de persoas que nos 24 meses anteriores á data de contratación prestasen servizos na mesma empresa mediante contrato indefinido.

- Contratacións realizadas por empresas de traballo temporal para a posta a disposición do traballador/a en empresas usuarias.

- Aquelas contratacións que foran beneficiarias das mesmas axudas no ano anterior

4.- PRAZO.

O prazo de solicitude será ata o 3 de novembro do 2017.

¡¡A peza que lle falta ao teu negocio!!



CONCELLO DE
ARTEIXO



REDE DE
TÉCNICOS
DE EMPREGO
DE GALICIA

INFÓRMATE

☎ 981 64 05 72

☎ 981 64 11 66

✉ emprego@arteixo.org

Concellaria de Promoción e Desenvolvemento.

5- CONTÍAS

O límite máximo de axudas por empresa ou grupo de empresa non excederá de 6.000,00€, salvo no caso de microempresas onde a contía se incrementará nun 25%.

A) XORNADA COMPLETA

Contrato de duración inicial ou suma de contratos (inicial mínimo de 3 meses), con duración igual ou superior a 6 meses: 500,00€. Esta contía incrementárase pola pertenza aos seguintes colectivos, sen superar en ningún caso os 1.000,00€:

- Parados/as de longa duración: 250,00€.

- Desempregados/as maiores de 45 anos: 250,00€.

- Mulleres: 250,00€.

- Persoas con eivas: 250,00€.

Contrato de duración inicial de un ano ou máis: 1.500,00€. Esta contía incrementárase pola pertenza aos seguintes colectivos, sen superar en ningún caso os 2.500,00€.

- Parados/as de longa duración: 500,00€.

- Desempregados/as maiores de 45 anos: 500,00€.

- Mulleres: 500,00€.

- Persoas con eivas: 500,00€.

B) XORNADA PARCIAL

A contía será proporcional á xornada laboral.